

1. *A chave de ouro* é un conto que relata a historia dun rapaz, chamado Verdello, que vive no país das fadas e atopa unha chave de ouro no comezo do arco da vella . Este rapaz, atopase a unha rapaza chamada Maraña, e deciden xuntos ir buscar a pechadura que abraza coa chave. No camiño, atopáronse cunha muller para que lles indicase o camiño. Cerca da casa do Vello do Mar, había unha gran chaira, chea de sombras, na que ... Neste momento, no libro, pasan a contar a historia de Verdello, que despois de conseguir saír da chaira das sombras, chegou ata... Alí entrou nunha sala, na que estaba ... sentada, ... Despois, saíron da sala e ... O conto é intrigante e interesante, recoméndolle este libro a quen lle guste ler libros de aventuras. **(José Manuel)**

2. A min este libro non me gustou nada porque é moi fantasioso e fala de cousas totalmente irrealas, ademais de que me parece moi infantil. Por outra parte é moi lioso e é difícil ordenar os feitos. Se fora máis simple sería un bo conto para nenos pequenos, pero parece que o autor quixo facelo para xente da nosa idade e o fixoo máis complicado cun tema moi sinxelo. Tamén pode ser que fóra un bo libro en inglés pero ao traducilo o galego perdeuse calidade. En resumo: paréceme que ninguén o debería ler e entón o quitarían de libros voluntarios. **(David)**

3. Este libro non me gustou moito porque ten demasiada fantasía para o meu gusto pero aínda así, recoméndollo ás persoas que queiran ler libros de intriga e misterio ata ó final e, sobre todo, as persoas que lle guste a fantasía. **(Rafael)**

4. A min, sinceramente, este libro non me gustou xa que fala de fadas, en fin de seres raros, fantásticos e mitolóxicos. Por outra parte, a min non me parece un libro para a miña idade, si para rapaces de oito ou nove anos. En algo si que me gustou, en que fora curto e non durara moito tempo. **(Alexandre)**

5. Este libro non foi do meu agrado, pareceume un tanto aburrido e pesado, xa que a pesar de ser moi breve custa moito ler. Na miña opinión o libro non está ben narrado porque é difícil entender a historia. É un libro repleto de elementos fantásticos como o de que a chave de ouro estea no arco da vella, o que resulta sorprendente. Aos meus compañeiros non lles recomendo esta lectura, xa que polo menos a min non me gustou. **(Andrea)**

6. Este libro non me gustou nada pese a ser moi breve, é moi difícil tanto de comprender como de ler. Recomendo este libro aos amantes do reino das fadas e da fantasía. **(Eligio)**

7. Este libro trata dun rapaz chamado Verdello que vivía no país das fadas e atopou unha chave de ouro. O problema era que non atopaba a pechadura correspondente e ás persoas ás que preguntaba ninguén lle sabía dicir. Máis tarde, xunto con unha rapaza chamada Maraña foron buscar dita pechadura. Pasaron por unha chaira de sombras e separáronse **(Alex)**

8. Este libro non me gustou nada, está cheo de cousas irrealas e ficción, paréceme que este libro non o deberían ler os rapaces da nosa idade, xa que non o recomendo, non o entendín moi ben xa que é moi lioso. O libro trata dun neno que atopa unha chave de ouro .. **(Irene)**

9. Este libro non foi do meu agrado, pareceume un tanto aburrido e pesado, xa que a pesar de ser moi breve custa moito ler. Na miña opinión o libro non está ben narrado porque é difícil entender a historia. É un libro repleto de

elementos fantásticos como o de que a chave de ouro estea..., o que resulta sorprendente. Aos meus compañeiros non lles recomendo esta lectura, xa que polo menos a min non me gustou. (**Santiago**)
